



COMUNICACIÓN INICIO/FIN DA ACTIVIDADE LABORAL, SIMULTÁNEA COA CONDICIÓ DE PENSIONISTA

Pode solicitar este trámite a través da Sede Electrónica da Seguridade Social (<https://sede.seg-social.gob.es>), tanto con certificado dixital como con Cl@ve permanente. Se non dispón de ningún sistema de identificación electrónica, poderá realizar o trámite en <https://run.gob.es/tramites> ou presentar un exemplar asinado por correo ordinario ou nun centro de atención e información da Seguridade Social solicitando cita previa nos teléfonos 901 10 65 70 / 91 541 25 30 ou en <https://run.gob.es/trdcita>

1. DATOS DEL PENSIONISTA(*)

Primeiro apelido		Segundo apelido		Nome				
DNI-NIE-Pasaporte	Domicilio habitual: (rúa, praza)			Número	Bloque	Escaleira	Piso	Porta
Código postal	Localidade			Provincia				
País		Apartado de correos		Teléfono				
Teléfono móvil		Enderezo electrónico						

(*) Só deberá completar os datos de domicilio e de contacto se variaron desde a última comunicación.

2. COMUNICACIÓN INICIO DA ACTIVIDADE LABORAL(*)

ACTIVIDADE POR CONTA ALLEA	ACTIVIDADE POR CONTA PROPIA
Tipo de actividade: Profesión actual: Funcións: Xornada: ☐ completa ou ☐ parcial Porcentaxe de xornada, se é a tempo parcia: Data de inicio de actividade:	Tipo de actividade: Trabadores a cargo: Fecha de inicio de actividade:

(*) No caso de realizar actividades artísticas, só deberá comunicar o inicio da actividade laboral mentres non se cumpra a idade ordinaria de xubilación.

Declaro que (rísquese o que proceda) ☐ SI / ☐ NON vou desempeñar un posto de traballo ou alto cargo no sector público, delimitado no parágrafo segundo do artigo 1.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas que determinan a incompatibilidade coa percepción da pensión de xubilación.

Se percibe pensión de xubilación, solicita acollerse a:

- ☐ XUBILACIÓN ACTIVA. Para esta modalidade requírese presentar o modelo de conformidade da empresa.
- ☐ XUBILACIÓN FLEXIBLE. Para esta modalidade requírese presentar o contrato de traballo.
- ☐ SUSPENSIÓN DE PENSIÓN

Apelidos e nome	DNI - NIE - pasaporte	2
-----------------	-----------------------	---

3. COMUNICACIÓN DA FIN DA ACTIVIDADE

Data de fin da actividade

4. DATOS PARA COBRAR A PRESTACIÓN(*)

Nome da entidade pagadora									
Domicilio									
Concello					Código postal			Provincia	
DATOS BANCARIOS		CÓDIGO PAÍS		CCC					
código IBAN:				ENTIDADE		OFICINA/SUCURSAL		D.CONTROL	
								NÚMERO DE CONTA	

(*) Só cubrirá este apartado se desexa modificar os datos bancarios da prestación que viña percibindo.

DECLARO que son certos os datos incluídos nesta solicitude.

O Instituto Nacional da Seguridade Social solicita o seu consentimento para consultar e recoller electronicamente os datos ou documentos que se atopen en poder de calquera Administración, cuxo acceso non estea previamente amparado pola lei e que sexan necesarios para resolver a súa solicitude e xestionar, no seu caso, a prestación recoñecida:

- ☐ SI dou o meu consentimento
- ☐ NON dou o meu consentimento

NOTA IMPORTANTE: En caso de non dar o seu consentimento deberá achegar, no prazo de 10 días hábiles, os documentos que se lle indiquen que sexan necesarios para resolver a súa solicitude e xestionar, no seu caso, a prestación recoñecida.

O Instituto Nacional da Seguridade Social solicita o seu consentimento para utilizar o teléfono móbil, o correo electrónico e os datos de contacto consignados nesta solicitude para enviarlle comunicacións en materia de Seguridade Social:

- ☐ SI dou o meu consentimento
- ☐ NON dou o meu consentimento

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
RESPONSABLE	Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS)
FINALIDADE	Xestión das prestacións do Sistema da Seguridade Social competencia do INSS
LEXITIMACIÓN	Exercicio de poderes públicos
DESTINATARIOS	Só se efectuarán cesións e transferencias previstas legalmente ou autorizadas mediante o seu consentimento
DEREITOS	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, como se explica na información adicional
PROCEDENCIA	Recollemos datos doutras administracións e entidades nos termos legalmente previstos
INFORMACIÓN ADICIONAL	Pode consultar información adicional e polo miúdo na folia informativa que se achega ao presente formulario no apartado “INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS”

....., o de do 20

Sinatura do interesado



MODELO DE CONFORMIDADE DA EMPRESA PARA OS EFECTOS DA SOLICITUDE DE PENSÍON DE XUBILACIÓN ACTIVA

Nome e apelidos da persoa que dá a conformidade								
Cargo que desempeña		Denominación da empresa			Código de conta de cotización			
Domicilio habitual (rúa, praza...)				Número	Bloque	Escalera	Piso	Porta
Código postal	Concello		Provincia	N.º de teléfono		N.º de telefax		

Para os efectos do disposto no artigo 153 “TRLXSS” Real decreto legislativo 8/2015, dá conformidade á situación laboral derivada da compatibilidade da pensión solicitada por.....
con DNI , co traballo nesta empresa a partir da data

E para que conste ante a Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social, asina a presente conformidade en:

..... , o de do 20

Sinatura e selo da empresa

CONDICIÓN DE APLICACIÓN PARA PENSIONISTAS DE XUBILACIÓN

Xubilación Activa

Posibilitase compatibilizar a pensión de xubilación cun traballo por conta propia ou por conta allea no ámbito do sector privado, a xornada completa ou parcial (sen que, para estes efectos, sexan admisibles as xubilacións acollidas a bonificacións ou anticipacións de idade), sempre que se reunise o período mínimo de cotización exigible para acceder á pensión de xubilación e entre esa data e a do feito causante da pensión transcorrese, cando menos, un ano. A obriga de cotizar durante esta situación de compatibilidade límitase á cotización por incapacidade temporal e por continxencias profesionais e á especial de solidariedade, non computable para efectos de prestacións. A contía da pensión de xubilación compatible co traballo será equivalente a unha porcentaxe que se calculará en función dos anos nos que se adiaze o acceso á pensión, conforme á seguinte escala xeral: o 45 % da pensión se o adiamento fose dun ano, o 55 % se o adiamento fose de dous anos, o 65 % se o adiamento fose tres anos, o 80 % se o adiamento fose catro anos e o 100 % se o adiamento fose de cinco ou máis anos. Se a actividade se desenvolve por conta propia e, ademais, se acredita que se ten contratado un traballador ou unha traballadora por conta allea mediante contrato de carácter indefinido cunha antigüidade mínima de dezoito meses, ou se se contrata con carácter indefinido un novo traballador ou traballadora por conta allea que non tivese mantido vinculación laboral coa persoa traballadora autónoma nos dous anos anteriores ao inicio da xubilación activa, a contía da pensión compatible co traballo acadará o 75 % cando o adiamento no acceso á pensión de xubilación fose entre un e tres anos; a partir do cuarto ano será de aplicación o previsto na escala xeral. De non se cumprir coas condicións establecidas, tamén será de aplicación esta escala.

A porcentaxe inicialmente recoñecida incrementarase en 5 puntos porcentuais por cada 12 meses ininterrompidos en situación de xubilación activa, cun máximo do 100 % da pensión.

A xubilación activa é compatible coa percepción do complemento económico de demora cando se accede á pensión de xubilación a unha idade superior á que resulte de aplicación.

Se a pensión se vai compatibilizar cun traballo por conta allea, deberá presentar debidamente cuberto O MODELO DE CONFORMIDADE DA EMPRESA PARA OS EFECTOS DA SOLICITUDE DE PENSIÓN DE XUBILACIÓN ACTIVA.

Xubilación Flexible

Considérase xubilación flexible a derivada da posibilidade de compatibilizar a xubilación, unha vez causada a pensión, cun contrato a tempo parcial. A pensión de xubilación será compatible cos traballos por conta allea a tempo parcial cunha redución de xornada de entre o 25 e o 75% da xornada a tempo completo dun traballador comparable.

O importe da pensión de xubilación reducirase en proporción inversa á redución da xornada de traballo realizada polo pensionista, con relación á dun traballador a tempo completo comparable.

As cotizacións efectuadas nas actividades a tempo parcial, durante a suspensión parcial da percepción da xubilación, poderían prover efectos para a mellora da pensión de xubilación, unha vez producido o cesamento no traballo.

Suspensión da pensión. Procede a suspensión:

- Cando o traballo se realiza a xornada completa por quen accedeu á xubilación de forma anticipada ou con idade bonificada.
- Cando o traballo se realiza a tempo completo por quen percibe unha pensión de xubilación que non alcanza o 100% da base reguladora.
- Cando o pensionista desempeña un posto no sector público.
- As actividades artísticas son realizadas por quen perciba unha pensión de xubilación anticipada, en calquera das súas modalidades, sempre que o pensionista non teña cumprida a idade ordinaria de xubilación.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

RESPONSABLE DO TRATAMENTO	<i>Quen é o responsable do tratamento dos seus datos persoais?</i> Instituto Nacional da Seguridade Social Rúa Padre Damián, 4 CP 28036 Madrid, ESPAÑA https://sede.seg-social.gob.es
DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS	<i>Como pode contactar co Delegado de Protección de Datos?</i> Enderezo do Servizo Xurídico da Seguridade Social Rúa Infanta Mercedes, 31- 3ª Andar CP 28020 Madrid, ESPAÑA https://sede.seg-social.gob.es
FINALIDADE DO TRATAMENTO	<i>Para que empregaremos os seus datos?</i> Os seus datos serán tratados coa finalidade principal de resolver esta solicitude e de xestionar, no seu caso, a prestación recoñecida. O tratamento dos seus datos de contacto terá coma finalidade a realización de comunicacións e remisión de información en materia de Seguridade Social. Os datos persoais proporcionados conservaranse mentres sexan necesarios para xestionar a súa prestación ou as dos seus posibles beneficiarios, así como para outros fins de arquivo e estatística pública.
LEXITIMACIÓN DO TRATAMENTO	<i>Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos?</i> O tratamento dos datos realizarase sobre a base do exercicio de poderes públicos autorizado por unha norma legal (Arts. 66, 71, 72, 77 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, en adiante TRLXSS). Verbo das comunicacións e envío de informacións en materia de Seguridade Social, o tratamento virá lexitimado polo seu consentimento. A negativa a outorgalo suporá que non poderá recibir este tipo de envíos, se ben non impedirá que lle podamos informar polos ditos canais do estado das súas solicitudes. Tamén lle informamos de que non está obrigado a proporcionar o seu enderezo de correo electrónico e número de teléfono móbil e que, en caso de non facilitalos, non impedirá o trámite da súa solicitude.
DESTINATARIOS DE CESIÓNS OU TRANSFERENCIAS	<i>A quen comunicaremos os seus datos?</i> Os datos persoais obtidos polo Instituto Nacional da Seguridade Social no exercicio das súas funcións teñen carácter reservado e só se empregarán para os fins encomendados legalmente, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, agás que a cesión ou comunicación teña por obxecto algún dos supostos previstos expresamente no artigo 77 do TRLXSS, así como os supostos indicados en calquera outra norma de rango legal. Se se trata dunha solicitude baseada en normativa internacional, os seus datos poderán ser cedidos aos organismos estranxeiros competentes para o trámite da súa solicitude.
DEREITOS DAS PERSOAS INTERESADAS	<i>Cales son os seus dereitos cando nos proporciona os seus datos persoais?</i> Verbo dos datos persoais proporcionados, pode exercitar en calquera momento e nos termos establecidos pola normativa de protección de datos os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición, ou ben retirar o consentimento prestado ao seu tratamento nos casos que fose requirido, todo iso mediante escrito presentado nun Centro de Atención e Información da Seguridade Social (CAISS) ou, por correo postal ou a través da sede electrónica da Seguridade Social, ante o Delegado de Protección de Datos cuxos datos se atopan no segundo apartado desta táboa. Informámoslle de que en caso de considerar que o seu requirimento non foi atendido oportunamente, ten a posibilidade de presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.
PROCEDENCIA	<i>Como obtemos os seus datos persoais?</i> Amais dos datos proporcionados por vostede na súa solicitude, recolleemos outros datos persoais doutras administracións e entidades en cumprimento da normativa e co fin de axilizar e facilitar a actuación administrativa. Estes accesos a datos están amparados en normas con rango de lei.